

# balance sindical

Eleccións sindicais 2002

voceiro da federación de banca, aforro, seguros e oficinas 

Incrementarase o número de candidaturas presentadas

## A CIG revalidará a súa maioría sindical

No sector financeiro a CIG, primeira forza sindical, opta a revalidar a súa posición nas eleccións do vindeiro día 20 de novembro nas caixas de aforro e o 18 de decembro nos bancos.

**F** Al vintecinco anos a clase obreira conquistou o dereito a ter representación propia no posto de traballo, un dereito conquerido tras anos de loitas e esforzo, un dereito ao que hoxe máis que nunca non podemos renunciar.

Porque o mundo laboral está sometido a cambios constantes e os traballadores/as deben tomar decisións en materias que lles afectan directamente, a CIG fixo un esforzo especial en incrementar o número de candidaturas presentadas, para estar presente en cada unha das empresas e en cada un dos territorios.

Enfronte temos unha patronal reforzada ano a ano por lexislacións laborais modificadas segundo as súas necesidades, e reforzada polas políticas económicas e sociais dos gobernos galego e estatal. Moitas das reformas que hoxe perxudican á clase traballadora (o abaratamento do despedimento para os novos contratos, o endurecemento dos requisitos para o cobro das pensións, etc.) foron pactadas coa colaboración do sindicalismo centralista.

Neste panorama de retroceso dos dereitos laborais, as patronais de bancos (AEB) e caixas de aforro (ACARL) engadiron ao seu poder económico un maior poder político a través da participación nas diferentes privatizacións do sector público. Hoxe estas patronais son máis fortes que nunca.

Pero neste tempo a CIG, primeira forza sindical no sector financeiro galego, foi o motor do movemento sindical en Galiza, cun modelo democrático reivindicativo e mobilizador, apostando



pola unidade de acción para acumular forzas co fin de modificar as imposicións de Madrid.

As mulleres e homes da CIG adquiriron hai catro anos un compromiso: defender os postos de traballo e as condicións laborais. Este esforzo deu froitos, o sindicalismo galego está sendo o motor do cambio, aportando solucións as arelas e reivindicacións da clase traballadora galega.

A CIG defende un marco galego de relacións laborais, un espazo socioeconómico galego. O noso benestar, a nosa converxencia económica con Europa e co resto do Estado depende das nosas propias decisións. Esa arela tamén está presente nos traballadores/as de bancos e caixas, por uns convenios xustos, democráticos e participativos, por uns Convenios Galegos.

### En defensa dos postos de traballo

A loita contra a precariedade laboral e contra os despedimentos inxustificables caracterizou catro anos de acción sindical

**D**URANTE os últimos 4 anos asistimos a unha serie de procesos de fusión que supuxeron un ataque contra o emprego no sector. Nas negociacións dos distintos Pactos de Fusión (BBVA, SCH, Caixa-nova) o mantemento do emprego foi un obxectivo prioritario da CIG.

As mobilizacións na defensa dos postos de traballo fronte a despedimentos inxustos son unha constante na acción sindical da CIG, sendo ademais unha das sinais de identidade do sindicalismo galego de clase. Sen dúbida o conflito pola readmisión dos despedidos do Banco Pastor xa forma parte da historia do movemento sindical galego.

A campaña confederal “Emprego Digno, non á Precariedade”, tivo o seu desenvolvemento tamén no sector financeiro; é de subliñar o acordo de pase a fixos dos contratados en prácticas en Caixa Galicia ou as campañas pola regularización de ETT's.



Manifestación conflito Banco Pastor (Verín, 1999).

### Pola recuperación do poder adquisitivo

A recuperación do poder adquisitivo perdido nos convenios colectivos estatais, unha reivindicación básica

**O**S convenios colectivos de banca e aforro asinados polos sindicatos estatais tiveron como consecuencia unha perda de poder adquisitivo. Dende a CIG demandáronse, xa durante a negociación destes convenios, subas salariais superiores aos IPC's previstos e a inclusión de cláusulas de revisión salarial.

Neste senso, a CIG foi o único sindicato que levou a cabo campañas específicas reivindicando a revisión salarial na banca. No sector de aforro estamos inmersos nun conflito colectivo pola equiparación salarial do persoal de nova entrada.

Durante os procesos de fusión de entidades financeiras, pulamos pola homologación salarial de todo o persoal afectado. Tamén nestes 4 anos a CIG estivo presente nas negociacións para a externalización dos fondos de pensións na banca e para a súa reforma en aforro.



Persoal de banca reclama os seus dereitos (Compostela, 2002).

## 0 Euro falou en galego

As entidades galegas estiveron á vangarda das retribucións polo esforzo da implantación do euro

**O** baleiro nos convenios de Madrid en canto á implantación do euro foi cuberto polas negociacións abertas a nivel galego. As entidades financeiras galegas foron as primeiras do Estado que recoñeceron o esforzo do persoal, con acordos a nivel de empresa para retribuílo.

Este acerto do sindicalismo galego serviu como referente noutras negociacións no resto do Estado. Durante o período de transición á moeda única, púxose en evidencia ante a opinión pública un fenómeno especialmente grave na banca, a realización de horas extraordinarias.

A loita contra a extensión ilegal da xornada laboral é outra das constantes da actuación da CIG, desenvolvendo campañas periódicas de denuncias na Inspección de Traballo e mobilizacións. En materia de xornada queda aínda moito por facer, pola libranza dos sábados na banca e dos xoves polo serán en aforro.



As reivindicacións do sector tamén estiveron presentes no 1º de Maio de 2002.

## Por unhas caixas públicas e galegas

A CIG opúxose en solitario á emisión de cotas participativas, primeiro paso na privatización das caixas de aforro

**A** finais do ano 1999, Caixa Galicia anunciaba a emisión de cotas participativas, instrumento para a captación de recursos alleos similar ás accións sen voto das sociedades anónimas. Os beneficios que se reinvertían na sociedade a través da Obra Social, pasarían así aos petos dos cotopartícipes.

No ano 2000 a CIG opúxose en solitario á emisión das cotas participativas, votando na Asemblea Xeral de Caixa Galicia a favor do mantemento como entidades baixo control público e galegas. A nosa posición honesta valeunos recriminacións e acusacións de toda índole. Tamén en Caixanova a CIG manifestou a súa postura contraria a esta pretensión.

Hoxe a nova "Lei Financeira" do PP, autoriza a emisión das cotas e permite por primeira vez fusións entre caixas de distintas comunidades autónomas.



En defensa das caixas públicas (A Coruña, 2001).

## Catro anos de Compromiso

### Pola igualdade de oportunidades

Pulamos pola creación de Comisións pola Igualdade que velen por unha integración plena das mulleres no mundo laboral

**A** incorporación das mulleres ao mundo laboral no sector financeiro é un feito; hoxe ocupan máis dun trinta por cento dos postos de traballo do sector. Malia a porcentaxe de ocupación acadada, aínda queda moito camiño por percorrer. Así, a porcentaxe de mulleres que acceden a postos de responsabilidade media-alta está por baixo da súa integración nos cadros de persoal. As máis das veces están relegadas a traballos administrativos, ou responsabilidades ligadas a este tipo de tarefas. Para remediar esta situación pulamos pola creación a nivel de empresa de "Comisións pola Igualdade" que garantan o dereito á promoción para permitir o acceso a maiores salarios, o dereito á formación, a regulación da figura de "Acoso" (tanto moral como sexual), unha maior protección da maternidade, etc.



Compañeiras da Secretaría da Muller reivindicando emprego digno (Vigo, 2002).

## Compromisos de futuro

### Reivindicacións básicas para os vindeiros catro anos

A negociación colectiva, instrumento fundamental para mellorar as condicións laborais

**C**OMO contribución á creación dun Marco Galego de Relacións Laborais que permita o desenvolvemento e a regulación do mercado laboral galego, a CIG vén pulando pola negociación de convenios galegos para bancos e caixas. Esta non é unha reivindicación oportunista fronte a malos convenios; é unha arela que temos que encher de contido.

As nosas propostas de convenio galego non son só plataformas para presentar nos convenios de Madrid, son un compromiso que vimos mantendo tamén nas negociacións a nivel de empresa, tanto nas de ámbito estatal como nas entidades financeiras galegas. É preciso un cambio de rumbo ao continuo retroceso da negociación.

#### Propostas a desenvolver

- \* Recuperación do poder adquisitivo.
- \* Establecemento de cláusulas de revisión salarial.
- \* Mantemento e mellora dos sistemas de pensións. Equiparación dos traballadores/as posteriores ao ano 80 na banca e ao ano 86 nas caixas de aforros.
- \* Xornada laboral de 35 horas semanais; libranza dos sábados na banca e dos xoves polo serán nas caixas de aforro; implantación xeral do horario de 8 a 15 horas.
- \* Incremento do tempo de descanso: 27 días hábiles de vacacións.
- \* Creación de mecanismos de control e compromiso de eliminación das horas extras ilegais.
- \* Mellora das condicións dos préstamos vivenda establecidos nos convenios.
- \* Por unha contratación digna, contra a precariedade, eliminación do uso de persoal de ETT's no sector.
- \* Eliminación da mobilidade xeográfica ata os 25 quilómetros.
- \* Creación das Comisións pola Igualdade de Oportunidades a nivel de empresa.
- \* Creación dun Servizo Galego Mancomunado de Saúde Laboral; creación dun catálogo sectorial enfermidades profesionais; inclusión da depresión e das enfermidades cardiovasculares como enfermidades profesionais.
- \* Creación das Comisións pola Normalización Lingüística a nivel de empresa.
- \* **Nas Caixas:** Fin da discriminación salarial entre persoal novo e antigo. Negociación dun novo sistema de promoción profesional.
- \* **Na Banca:** Supresión da cláusula de absentismo.

balance **sindical**

[www.galizacig.com/boletins](http://www.galizacig.com/boletins)

**Edita:** Federación de Banca, Aforro, Seguros e Oficinas da CIG (Confederación Intersindical Galega). **Enderezo:** Rúa Gregorio Espino, 47 entrechán. 36205-Vigo (Galiza). **Telf:** 986 374008, 986 262689. **Fax:** 986 262844. **e-mail:** cigbanacanac1@terra.es. **Internet:** <http://www.galizacig.com>.  
**Comisión de propaganda:** Pablo Carreira Leis, Clodomiro Montero Martínez, Sefi Romero Álvarez.  
**Maquetación e deseño:** Departamento de Propaganda da CIG. **Imprime:** Bauprés Editores.